



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E TRADICIONAL DO CONCELLO DA BAÑA

Artigo 1.º.- Fundamento.

Este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo da Escola Municipal de Música Tradicional do Concello da Baña, de conformidade co disposto no artigo 41, en relación co artigo 127, ambos do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación.

Artigo 2.º.- Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe un ingreso de dereito público que se satisfará polas persoas usuarias que voluntariamente soliciten a prestación do servizo da Escola Municipal de Música Tradicional prestado polo Concello da Baña.

Artigo 3.º.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas que resulten beneficiarias da prestación do servizo da Escola Municipal de Música Tradicional.

No caso de persoas menores de idade, estarán obrigadas ao pagamento as persoas que exerzan a patria potestade, tutela ou representación legal das mesmas.

Artigo 4.º.- Tarifa.

A Escola Municipal de Música Tradicional ten como finalidade fomentar a formación musical, o desenvolvemento artístico e a participación cultural da cidadanía. A programación inclúe diferentes especialidades instrumentais e disciplinas musicais, adaptadas ás distintas idades e niveis de aprendizaxe, promovendo tanto a formación individual como a práctica musical en grupo. As persoas matriculadas poderán inscribirse nunha ou varias actividades, de acordo coa oferta formativa da escola. As actividades ofertadas son as seguintes:

Escola de música tradicional:

- Gaita
- Pandeireta
- Percusión
- Canto
- Solfexo

A Escola Municipal de Música Tradicional ten como finalidade fomentar a formación musical, o desenvolvemento artístico e a participación cultural da cidadanía. A programación inclúe diferentes especialidades instrumentais e disciplinas musicais, adaptadas ás distintas idades e niveis de aprendizaxe, promovendo tanto a formación indivi-



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

dual como a práctica musical en grupo. As persoas matriculadas poderán inscribirse nunha ou varias actividades, de acordo coa oferta formativa da escola.

A contía do prezo público será a seguinte:

- Unha actividade: 80,00 euros por tempada.
- Dúas ou máis actividades: 120,00 euros por tempada.
- Familiar dous membros da mesma unidade familiar cunha actividade cada un: 132,00 euros por tempada.
- Familiar con dos membros da mesma unidade familiar en dúas ou máis actividades: 177,00 euros por tempada.
- Familiar tres ou máis membros da mesma unidade familiar cunha actividade cada un: 160,00 euros por tempada.
- Familiar tres ou máis membros da mesma unidade familiar cun dos membros en dúas ou máis actividades: 201,00 euros por tempada.

TARIFA ESPECIAL

O alumnado matriculado que participe en catro ou máis actuacións organizadas, promovidas ou coordinadas polo Concello da Baña durante a correspondente tempada, terá dereito á aplicación dunha tarifa especial de 30,00 euros por tempada, logo da acreditación desta circunstancia mediante certificación expedida pola dirección da Escola.

Artigo 5.º.- Normas de xestión.

A obriga do pagamento do prezo público xorde desde que se inicia a prestación do servizo da Escola Municipal de Música e Tradicional. Non obstante, o Concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderá esixir o depósito previo do importe total correspondente.

O ingreso do prezo público efectuarase nas entidades bancarias nas que o Concello da Baña teña conta aberta ou polos medios de pagamento habilitados polo Concello. Non se prestará o servizo solicitado sen a acreditación de ter efectuado o ingreso do correspondente prezo público.

Cando por causas non imputables á persoa obrigada ao pagamento do prezo público non se preste o servizo solicitado, procederá a devolución do importe correspondente.

No caso de que o número de solicitudes presentadas supere o número de prazas dispoñibles para cada especialidade, darase preferencia ás persoas empadroadas no Concello da Baña. De ser necesario, atenderase á orde de presentación das solicitudes.

En casos excepcionais, a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos municipais correspondentes, poderá acordar a aplicación de reducións ou a devolución total ou parcial do prezo público, cando concorran circunstancias debidamente xustificadas.

As débedas por taxa poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

O pagamento do prezo público efectuarase no prazo e na forma que determine o Concello na correspondente convocatoria ou resolución de admisión.

A falta de pagamento do prezo público nos prazos establecidos dará lugar á perda da condición de persoa usuaria do servizo, sen prexuízo da súa existencia polos procedementos previstos na normativa vixente.

No suposto da tarifa especial prevista para a especialidade de gaita, a acreditación da participación nas actuacións realizarase mediante certificación da dirección da Escola Municipal de Música Tradicional.

No momento da formalización da matrícula, o alumnado que solicite a aplicación da tarifa especial prevista para a participación en catro ou máis actuacións organizadas, promovidas ou coordinadas polo Concello da Baña durante a correspondente tempada deberá subscribir un compromiso de participación. Nestes casos, domiciliarase inicialmente o importe correspondente á tarifa especial de 30,00 euros por tempada. Unha vez finalizada a tempada, a dirección da Escola Municipal de Música expedirá certificación acreditativa do cumprimento do citado compromiso. No suposto de non acreditar-se a participación mínima requirida, procederase á domiciliación bancaria da diferenza entre a tarifa especial aplicada e a tarifa xeral que corresponda.

Artigo 6.º.- Delegación na Xunta de Goberno Local.

No suposto de que o servizo ou actividade cultural ou deportiva a prestar polo Concello, non se encontre tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza e, en particular o apartado referente á escola de gaita no artigo 4 da ordenanza fiscal reguladora do prezo público polos servizos culturais e deportivos.